

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN- POSTO XERENTE DE NAUTA SANXENXO, S.L. – VALORACIÓN DE MÉRITOS

Sendo as 9:30 horas do día 28 de xullo de 2026 reúnese a Comisión de Selección do proceso selectivo para a cobertura do posto de Xerente de Nauta Sanxenxo, S.L., coa asistencia dos seguintes membros titulares:

Presidente: José Juan Vidal Vilanova

Secretaria: M^a de los Ángeles Landín Iglesias

Vocais: Luis Ángel Sabariz Rolán e Ángela Pose Puga.

Unha vez recibida a documentación requirida aos aspirantes para a subsanación da súa solicitude de participación no proceso de selección, procédese á valoración dos méritos alegados, resultando a seguinte puntuación:

	Experiencia profesional	Formación adicional	Outros méritos	Total puntuación
Alcorta Ormaechea Unai	20	1	2	23
García Colmeiro Carlos	25	7	-	32
Pazos Pedrosa Montserrat	20	3	2	25

Conforme ao establecido ás Bases que rexen o proceso de selección, convócase aos candidatos para a defensa do Proxecto de Xerencia de Nauta Sanxenxo, S.L., o día 31 de xullo de 2026, ás 9:00 horas no salón de Plenos da Casa Consistorial, situada na Rúa Madrid, 1 (Sanxenxo).

A orde de actuación, segundo o disposto nas Bases, será a seguinte:

1º- Pazos Pedrosa Montserrat (9:00 horas)

2º- Alcorta Ormaechea Unai (10:00 horas)

3º- García Colmeiro Carlos (11:00 horas)

A defensa do Proxecto será pública para as persoas admitidas ao proceso selectivo polo que, se o consideran oportuno, que poderán estar presentes no momento da defensa dos proxectos por parte dos outros candidatos.

Á vista da solicitude presentada no Rexistro xeral do Concello de Sanxenxo polo candidato Unai Alcorta Ormaechea, a defensa do seu proxecto realizarase por medios telemáticos, habilitándose o seguinte enlace para a súa realización:

<https://us02web.zoom.us/j/88312302775>



Este enlace está habilitado para todas as persoas aspirantes, que poderán conectarse ou asistir á presentación dende o salón de Plenos se así o desexan.

As persoas aspirantes poderán utilizar durante a defensa do seu Proxecto medios técnicos para a presentación e apoio da súa exposición (PowerPoint, Canva ou similares).

Sendo as 10:35 horas, levántase a sesión.

Do que eu como secretaria dou fe, co visto bo do presidente da Comisión de Selección

Documento asinado electronicamente

